



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 06/03/2020 14:45:05

SAIDA **3165/20**



Reclamante: [REDACTED] en representación [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 18/2020

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED]

mediante escrito que tivo entrada no Rexistrio do Valedor do Pobo o 30 de xaneiro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], en representación de [REDACTED]

[REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 30 de xaneiro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 18/2018, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 28 de xaneiro de 2020, da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia pola que se concede acceso á información referida ás solicitudes de acceso á información presentadas na Presidencia da Xunta de Galicia por [REDACTED]

O reclamante manifesta que inadmitida a negativa de terceiro á entrega da documentación por ser dun particular, asunto particular de dereito público, investigación paralela a unha querela criminal, vulneración do historial clínico, ocultación de analíticas con graves danos



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

para a saúde, información que vén utilizando o letrado da Xunta que abriu unha investigación privada con abuso de poder, para acosar, perseguir xudicialmente a este dicente e á luz de decenas de resolucións a nivel nacional etc., sobre a negativa para entregar información privada de particular, rexistros administrativos, coa única pretensión abusiva de perseguilo abusando da súa posición institucional como funcionario público se teña por presentado o escrito e se ordene o que corresponda.

O escrito viña acompañado de copia da resolución contra a que se recorre, copia de escrito de alegacións e copia dunha notificación da Institución do Valedor do Pobo sobre entrega de expediente médico.

Segundo. Con data do 6 de febreiro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 11 de febreiro de 2020.

Terceiro. Con data 13 de febreiro de 2020 a Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia contesta a petición remitindo o informe solicitado.

A Secretaría Xeral informa que unha vez analizada a solicitude, considerou que incorría no suposto establecido 19.3 da citada Lei 19/2013 e 27.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, razón pola cal se abriu o trámite de alegacións. Con data do 23 de xaneiro de 2020, o [REDACTED] [REDACTED] presentou escrito de alegacións opoñéndose á concesión do acceso, e por resolución de 28 de xaneiro de 2020, concédese o acceso á información pública solicitada, que se formalizará de acordo co disposto no artigo 22 da Lei 19/2013.

O 29 de xaneiro de 2020 [REDACTED] presentou ante a Secretaría Xeral da Presidencia, un escrito comunicando a solicitude de asistencia xurídica gratuíta ante o Servizo de Estudos e Asistencia Xurídica Gratúita e solicitando, por unha banda a suspensión do prazo para presentar recurso ante a Resolución de 28 de xaneiro e, por outra banda, copia da totalidade do expediente.

Con data do 7 de febreiro, procedeuse a resolver o acceso ao expediente, debidamente anonimizado, así como a comunicar que, ao ter presentada solicitude de asistencia xurídica gratúita, o prazo para a interposición de recurso queda automaticamente suspendido ata a concesión ou denegación deste derecho.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión de Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

pessoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzcan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta na documentación remitida polo interesado, a resolución contra a que se reclama ten data do 28 de xaneiro de 2020 e a reclamación contra a mesma presentouse con data do 30 do mesmo mes, debe admitirse por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O dereito de acceso á información é un dereito fundamental recoñecido a nivel internacional como tal, é un dereito esencial para promover a transparencia das institucións públicas e para fomentar a participación cidadá na toma de decisións. Ademais as Administracións Públicas fináncianse con fondos procedentes dos contribuíntes e a súa misión principal consiste en servir aos cidadáns polo que toda a información que xeran e posúen pertence á cidadanía.

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, elaborada ou adquirida no exercicio das súas funcións, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública.

Na tramitación do expediente de solicitude de acceso á información, a Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 19.3 da Lei 19/2013 e 27.2 da Lei 1/2016, abriu un período de alegacións, para que o titular da información solicitada puidera fazer as alegacións que estimase oportunas, período no que o interesado comunicou a súa oposición.

A Secretaría Xeral procedeu a análise das alegacións, e considerou, de forma motivada que non xustifican a denegación do acceso á información solicitada, dado que a información non contén datos persoais que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, relixión ou crenzas, non se refire a datos persoais que fagan referencia á orixe racial, á saúde ou á vida sexual; nin inclúen datos xenéticos ou biométricos nin datos relativos á comisión de ningunha infracción penal ou administrativa, e o interesado non alega nin fai referencia a ningún posible prexuízo, concreto nin xenérico, que puidera causarlle a concesión do acceso á información.

De acordo co anterior, considérase que a tramitación da solicitude de acceso á información traxitouse conforme á normativa que lle é de aplicación, facendo a correspondente ponderación entre o interese público na divulgación da información e os intereses privados, sen que por parte do titular dos datos se acredite, e nin sequera alegase, prexuízo algúin que se lle puidera causar, polo que procede a desestimación da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación [REDACTED]

[REDACTED] con data do 30 de xaneiro de 2020, contra a Resolución do 28 de xaneiro de 2020, da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia pola que se concede acceso á información referida ás solicitudes de acceso á información presentadas na Presidencia da Xunta de Galicia por [REDACTED]

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

76706870F Firmado digitalmente
por 76706870F
MARIA MARIA DOLORES
DOLORES FERNANDEZ (R:
FERNANDEZ S6500009C)
FERNANDEZ Fecha: 2020.03.06
(R: S6500009C) 09:29:15 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.